

O preito da familia de Lopo Núñez o vello e o papel desempeñado polos franciscanos de Betanzos

ANDRÉS GARCÍA CID

Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: A través de cinco documentos de comezos do século XV, estudaremos un preito de propiedades entre dúas persoas: María Fernández e o cóengo de Santiago Xoán López de Vilousaz, así como o papel da orde franciscana de Betanzos.

Palabras clave: Idade Media, Orde Franciscana, Betanzos, preito.

Códigos UNESCO: Historia medieval (550503), Historia de la Iglesia (550690).

Resumen: A través de cinco documentos de comienzos del siglo XV, estudiaremos un pleito de propiedades entre dos personas: María Fernández y el canónigo de Santiago, Xoán López de Vilousaz, así como el papel de la orden franciscana de Betanzos.

Palabras clave: Edad Media, Orden Franciscana, Betanzos, pleito.

Abstract: Through five documents of the beginning of the 15th century, we will study a property trial between two people: María Fernández and the canon of Santiago, Xoán López de Vilousaz, as well as the role of the Franciscan order of Betanzos.

Keywords: Middle Ages, Franciscan Order, Betanzos, lawsuit.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTO HISTÓRICO¹

A orde de San Francisco tivo entre a xente, en termos xerais, unha boa acollida en Galicia, é ben certo é que tivo nuns inicios choques con membros do clero secular, como foi o caso da elite secular compostelá que acudiu ó papa Papa Inocencio IV para que os axudase a limitar a influencia destes frades, para o cal, en 1254 limitou as celebracións litúrxicas que estes podían levar a cabo², sen embargo esta orde sería invalidada case un século despois cando, en 1326, o arcebispo Berenguel de Landoira, quen

¹ Siglas:

ACS Arquivo Catedralicio de Santiago.

BFR *Bullarium Franciscanum Romae*.

BRAG Boletín da Real Academia Galega.

² PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J./ PORTELA SILVA, E. (Dir.), *El Cabildo de Santiago de Compostela (siglos XII-XIV)*, pp. 573-578.

ademais pertencía a orde de Santo Domingo, establecía que na catedral de Santiago predicasen franciscanos e dominicos nas festas máis importantes³; outro caso máis extremo foi o de Pedro Yáñez de Novoa, bispo de Ourense, que chegou a atacar o seu convento a fins do século XIII⁴. Estes frades eran presentados ante a xente coma un novo clero que quería renovar e voltar ós ideais de pobreza e humildade de principios do cristianismo, ter un contacto máis directo cos fieis,... uns relixiosos que, en resumo, dicían tomar o modelo de Cristo e dos seus apóstolos como seu e que os fieis elixían para que predicasen nas súas parroquias⁵, rezasen nos seus enterros e que, polo tanto, eran os receptores dos cartos que doutra forma levarían outros membros do clero.

Estes ideais predicados precisamente polo seu fundador, Francisco de Asís⁶, o *alter-Christus*, contrastaban co clero secular máis poderoso, pero tamén cas outras ordes monásticas que vivían apartadas da sociedade, dedicándose ao coñecido *ora et labora*, unha vida de illamento da sociedade e de achegamento a Deus. Estas ordes, tamén defensoras da austeridade do clero nuns inicios, tamén acabaron por enriquecerse. A esta falta de identificación da Igrexa cas persoas, pero sobre todo cos seus ideais primixenios⁷, hai que engadirlle a aparición das herexías dos séculos XII e comezos do XIII, movementos relixiosos de pobreza voluntaria, como o Movemento Cátaro ou os seguidores de Pedro Bruys en Francia ou os Irmáns do Libre Espírito en Alemaña, entre outros⁸, así como o incremento da vida urbana, o aumento das comunicacións e relacións comerciais co mundo e, algo que xa comezara a ocorrer un tempo atrás, pero que nos séculos

³ Véxase a trascripción de Atanasio López no *BRAG. Colección de Documentos Históricas*. Tomo 3, 1969, p. 116. Pódese acceder online mediante o link: <http://academia.gal/boletins#http://academia.gal/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=3242>

⁴ Un exemplo destes choques co clero secular pódese constatar nunha orde datada en Letrán en 1296 contra o bispo ourensán Pedro Yáñez de Novoa, o cal fora chamado a declarar perante o Papa Bonifacio VIII por queimar o convento franciscano de Ourense, entre outros abusos. Este documento aparece recollido no Tomo IV do BFR do ano 1768 p. 395 e é citado e transcrito na monografía de Doroteo Calonge sobre os conventos franciscanos de Ourense do ano 1949, pp. 146-149.

⁵ GARCÍA ORO, J., *Los franciscanos en España: Historia de un itinerario religioso*, 2006, p. 56.

⁶ Para coñecer as ideas de primixenias do franciscanismo, debemos recorrer ós escritos do seu fundador, San Francisco de Asís. <http://www.franciscanos.org/esfa/escritossf.html>

⁷ Como exemplo destes ideais monásticos, podemos ver como exemplo a Regra de San Bieito de Nursia. <http://www.monteben.com/regla-de-san-benito.pdf>

⁸ LINAGE, A., *Cuadernos Historia 16: Las Órdenes mendicantes*, Madrid, 1985, p. 8.

XII e XIII en diante continuara con forza, foi a difusión do coñecemento entre a xente pola aparición das primeiras universidades. Neste contexto de herexías, expansión cultural e comercial xurdiron as ordes mendicantes, dominicos e franciscanos, encargados de perseguir e de converter á xente que se decantaba pola heterodoxia relixiosa ou que simplemente se apartaba da vida cristiá predicada dende os púlpitos.

Centrándonos definitivamente nos franciscanos, este traballo busca mediante a análise de cinco textos concretos de principios do século XV, como estes frades eran vistos e como formaban parte na vida da xente de Galicia e dos seus problemas, uns problemas que, como iremos vendo, non eran soamente de moralidade ou de fe, senón que a confianza da xente nestes relixiosos, entre outros, ía máis alá.

O PREITO POLA HERDANZA DE LOPO NÚÑEZ DE OZA E DA SÚA FILLA SANCHA NÚÑEZ

As orixes do preito

Esta historia comeza o 19 de agosto de 1407 en San Pedro de Oza, nun testamento que elabora Sáncha Núñez, filla do defunto Lopo Núñez de Oza e de María Fernández, unha dama de boa posición social⁹. Será precisamente esta muller un dos personaxes máis importantes, senón o máis importante, nestes acontecementos que se irán relatando a continuación. Neste documento non aparecen os franciscanos en ningún momento, pero é preciso examinalo, xa que a orixe do que virá despois, está neste testamento.

Comézase presentando á testamentaria como, a cal se dispón a facer testamento por estar *jazendo doente corporalmente*¹⁰ pero, e isto é importante, para darlle forza e validez ó testamento ela anuncia que é unha persoa que neste momento está todas as súas facultades mentais para tomar as decisións escritas nese documento¹¹. Como en todos os testamentos medievais, encomenda a súa alma a Deus, á Virxe e ós santos, neste caso concreto é unha invocación santoral bastante breve e xeral, xa que simplemente invoca *a todos los Santos e Santas da Gloria do Paraiso que lle rogen por min que me perdoe a a min*¹².

⁹ *Flegresia de San Pedro d'Oza dentro nos palacios da dita Maria Fernandes*. ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

¹⁰ ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

¹¹ *Con todo meu siso e entendemento conplido qual me Deus dou*. ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

¹² ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

Pide ser enterrada na igrexa da súa parroquia, San Pedro de Oza¹³, e despois procede a realizar as mandas das misas a facer pola súa alma, aparecendo logo as peticións de misas por outras persoas e as mandas de bens legados a diferente xente, mandas de cartos a persoas, institucións e mesmo peticións para obras de caridade¹⁴. Finalmente pretende asegurar o cumprimento do seu testamento facendo valedor do mesmo ó cura de San Pedro de Oza, Gómez García¹⁵, e presentando as súas testemuñas ante notario.

Pero o que máis interesa deste documento para o noso traballo é que, despois de facer as concesións ás diferentes persoas e institucións mencionadas, nomea herdeira universal á súa nai, dona María Fernández: *mina madre Maria Fernandez, a qual faço herdeira en todos los ditos meus beens que a min perteesçen de auer e herdar en qual maneira por uoz e herdança do dito meu padre Lopo Nunez*¹⁶. Este será un dato importante polo desenvolvemento posterior.

A nova decisión de Sancha Núñez de Oza

Tralo falecemento de Sancha Núñez de Oza case catro anos despois da redacción das súas derradeiras vontades e, estando diante do mesmo notario que as escribira, un tal Martín Raimúndez¹⁷, compareceu María Fernández, súa nai, xunto con varias testemuñas, entre as cales destacan *frei Iohan Rodrigues e a frei Rodrigo de Bitre*¹⁸, frades de San Francisco de Betanzos. Foron precisamente estes Rodrigo de Bitre e Xoán Rodríguez, uns frades que aparecen acompañados polo título de *doctor enno moesteiro de San Françisco de Betanços*¹⁹, a primeira testemuña que aparece recollida neste documento. As outras que tamén declararon *ante Domingo Eanes, clerigo de Santa Cruz de Mendoe e juiz enna audiencia do arçidiagado de*

¹³ *Et mando meu corpo enterrar en San Pedro d'Oza*. ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

¹⁴ *Item mando a Santa Trindade para sacar cativos de terra de mouros dez moravidies*. ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

¹⁵ *Et faço complidor desta mina manda sen seu donno a Gomez Garcia clerigo de San Pedro d'Oza*. ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

¹⁶ ACS, CF 29, Tombo E, fol. 58 vº.

¹⁷ Para dar validez a este é ó seguinte documento, aparece este notario como testemuña dos dous formularios xa que, como se dirá a continuación, a persoa que redactou estes escritos foi un tal Domingo Eanes.

¹⁸ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

¹⁹ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

*Nendos*²⁰ mediante xuramento solemne sobre os *Santos Auangeos e sobre lo signal da Cruz*²¹ e que aparecen recollidas nesta declaración que afectaba ó testamento da devandita Sancha Núñez foron un tal Frei Pedro d’Astorga, o alfaiate de Padrón Gonzalvo Santoiro, Afonso de Santiago e mesmo o barbeiro Ruy Diaz.

Estas testemuñas presentáronse aproximadamente un mes antes da redacción deste documento ante unha moribunda Sancha Núñez de Oza que expresou o seu desexo de realizar uns cambios no seu testamento:

*ora pode auer huun mes pouquo mais ou meos que a dita Sancha Nunez filla do dito Lopo Nunez e da dita Maria Fernandes jazendo doente corporalmente desta postremeira doença que se finou, que el que fora chamado e rogado que el que fose a la par quanto queria ordenar suas cousas e que enton que el que fora a a casa que foy de Lopo Nunez que esta en Betanços onde jazia doente e que ela enton que disera que en corregendo en huua manda que auia feita por Martin Reimondez notario*²².

Os devanditos cambios, como se pode ver, non puideron ser postos por escrito en vida da testadora.

As derradeiras vontades da testadora seguirían con poucos cambios a nivel de legados ás persoas, pois a herdeira universal de Sancha Núñez seguiría sendo súa nai, María Fernández: *Sancha Nunez d’Oza filla do dito Lopo Nunez que fora quen fezera sua manda por min o dito notario, ora podia auer dous ou tres anos pouquo tempo mais ou meos enna qual a fezera herdeira en todos seus beens*²³.

Sen embargo, se ben no testamento de 1407 ela pedía ser sepultada na igrexa de San Pedro de Oza, neste novo documento cámbiase o lugar de enterramento de Sancha Núñez cámbiase polo convento de San Francisco de Betanzos, ao lado dun tal Gómez Pardo, parente seu²⁴, a cambio de douscentos marabedís pola súa tumba. Ademais, pola súa alma mandaba

²⁰ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

²¹ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

²² ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

²³ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

²⁴ *Mandaua enterrar seu corpo enno moesteiro de San Françisquo desta vila apar de Gomez Pardo seu parente.* ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

dicir tres trintanarios²⁵, dous en San Francisco e outro en no mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes²⁶.

O seguinte documento, o cal en realidade son dous, recolle: unha lectura pública do testamento de Sancha Núñez de Oza, feita sete días despois pola súa nai ante o xuíz e notario Domingo Eanes pois *Maria Fernandes d'Oza... presentou e fezo leer e publicar ante o dito juiz esta dita manda e codiçilo*²⁷; e unha validación feita polo alcalde de Betanzos, un tal *Afonso Fernandes sin Lauajos*²⁸.

En resumo, pódese dicir que a decisión tomada por Sancha Núñez de Oza no último momento foi cumprida xa que era perfectamente legal, aínda que non existise ningún documento escrito en vida dela que anulase o seu testamento de 1407. A declaración destas persoas que oíron o que ela dixo ó final da súa vida tería igual validez, xa que foron feitas baixo xuramento sobre os símbolos sagrados, algo serio nunha época de gran relixiosidade. Temos que destacar ademais que as principais testemuñas son dous franciscanos que era difícil que mentisen baixo o sobredito xuramento e, ademais, estaban ameazados por algo tan serio como a excomuñón polo seu gardián²⁹. A implicación destes frades nesta cuestión era real.

Preito e acordo final entre María Fernández e Xoán López de Vilousaz

Tres anos despois, durante os cales houbo unha disputa pola herdanza que nun principio lle correspondía a María Fernández, acádase a solución do preito entre a nai de Sancha Núñez e o curmán de Lopo Núñez de Oza o mozo, fillo da devandita María Fernández, o clérigo de Santiago Xoán López de Vilousaz. Nestes dous documentos que quedan a orde de San Francisco de Betanzos queda representada polo frade que aparece na declaración de testemuñas anterior, o xa mencionado *frei Iohan Rodrigues, doctor fraire de la orde de San Francisco*.

²⁵ Segundo a Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana, *Exequias u honras fúnebres que se hacen por un difunto por espacio de treinta días continuados o el día trigésimo después de su fallecimiento*. Neste caso estamos ante a primeira definición, polo que se mandan rezar 90 misas, 60 delas en San Francisco de Betanzos.

²⁶ *Mandaua mais dizer tres tryntanarios: dous enno dito moesteiro e huun enno mosteiro de Sobrado*. ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº.-60 rº.

²⁷ ACS. CF29. Tombo E.Fol. 60 rº.

²⁸ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

²⁹ *Mandou so pena de scomoyon aos ditos doctores e fratre que disesen uerdade sobre la dita razon*. ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

Analizando o contido dos respectivos documentos, ámbalas dúas partes acordan unha división equitativa do patrimonio de Lopo Núñez de Oza e os seus fillos: *que el dicho Iohan Lopes que ouiese e leuase para si e para sus herederos para siempre jamas por juz de de herdat, la meytad de todos los bienes*³⁰. Así como o pago das súas débedas entre os dous: *E yo, el dicho Iohan Lopez que pague a uos la dicha Maria Fernandes para ayuda dela dicha uostra meytad que auedes de pagar de las dichas mandas e debdas*³¹.

Esta partición, con todo³², favorecía a María Fernández, pois tería dereito a conservar tódalas pertenzas que comprara trala morte do seu marido: *E otrosi que ficase para la dicha Maria Fernandes todos los bienes e otras cosas que ella auia comprado despues de la muerte del dicho Lopo Nunez el uiejo su marido*³³, así como as propiedades situadas na Rúa Travesa de Betanzos³⁴. Para finalizar, para garantir o cumprimento destes documentos, volvemos a ter a realización dun xuramento solemne pola sinal da cruz e sobre os evanxeos: *cada uno dellos juraron por el nombre de Dios e por la senificançia de la cruz que tanjeron corporalmente con sus manos derechas e por las palabras de los Santos Euangelios*³⁵, ou, por se este sentimento de forte relixiosidade que había nesta época non era suficiente, tamén se establecía que as dúas partes debían de cumprir o que se mandaba nestes acordos *so pena de dos mill dobras de oro castellanias a cada una de nos las partes que contra ello o contra parte dello fuere*³⁶.

REFLEXIÓN FINAL

Aquí viuse como a orde franciscana ó longo do preito tivo un papel mediador e, xunto con outras autoridades civís e eclesiásticas, de testemuña para darlle validez ós cinco documentos. Este é un exemplo claro de como

³⁰ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 60 vº-61 rº.

³¹ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 61 rº-61 vº.

³² A pesares de ser unha muller fronte a un membro da Igrexa, o grao de parentesco era maior con María Fernández (esposa e nai respectivamente) que con Xoán López de Vilousaz (primo de Lopo Núñez o mozo). Ademais, María Fernández era máis importante en todo este preito, xa que sería a encargada de pagar as débedas, aínda que el tivese que aportar a metade dos cartos.

³³ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 60 vº-61 rº.

³⁴ *Outrosi que ouiese la dicha Maria Fernandes para si para siempre jamas las casas asi uiejas conmo nueuas que estan en la Rua Trauesa*. ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

³⁵ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

³⁶ ACS, CF 29, Tombo E, fols. 61 rº-61 vº.

os franciscanos na Idade Media interviñan na vida da xente de forma eficaz, aludíndose á alta formación intelectual dos mesmos baixo o título de «doutor en Santa Teoloxía».

Sen embargo, o seu papel non se reducía a cuestións legais, senón tamén a un nivel moi importante na relixiosidade das persoas. Os franciscanos tiñan ante a morte un rol intermediario entre Deus e al almas dos fieis, empezando polo propio Francisco de Asís³⁷, polo que algunha xente pedía ser enterrada no convento de San Francisco da súa cidade incluso vestindo hábito franciscano, neste caso o que se produce é un cambio de opinión a última hora na que se elixe que os franciscanos recen a maior parte das oracións e que se enterre o seu corpo no convento de Betanzos.

Agora ben, ¿A qué se debeu realmente o cambio de opinión que acabamos de estudar? Posiblemente a unha combinación de feitos: Por un lado querer ser soterrada ó lado dunha persoa ben querida como ese tal Gómez Pardo; doutro lado, o feito xa mencionado de que ela experimentara un cambio de opinión e que quixese asegurar a salvación da súa alma pedindo que os seus restos descansan en San Francisco, e que estes frades intercedan pola súa alma mediante o seu talento predicador; ou, algo nada raro nunha familia acomodada, o desexo de estar soterrada nunha vila como Betanzos xunto con personaxes nobres tan importantes como Fernán Pérez de Andrade.

Santiago de Compostela
Xullo 2015

³⁷ Segundo a tradición, Deus concedeulle a San Francisco que, o aniversario da súa morte, puidese ir ó purgatorio a rescatar as almas que lle foran fieis en vida.

APÉNDICE DOCUMENTAL

1

1407, agosto, 19, San Pedro de Oza.

Testamento de Sancha Núñez, filla de Lopo Núñez de Oza e de súa muller, María Fernández, dispoñendo que seu corpo sexa soterrado en San Pedro de Oza, á que deixa dez marabedís, realizando varias mandas testamentarias e deixando como herdeira dos seus bens á súa nai, María Fernández.

A.- ACS, CF29, Tombo E, fol. 58 vº.

2

1411, abril, 19. Betanzos.

Declaración de testemuñas a petición de María Fernández, esposa de Lopo Núñez de Oza, e nai de Sancha Núñez, confirmando o cambio no testamento que a súa filla fixera anos atrás e que corrixira o mes anterior; antes de morrer, ordenando agora ser sepultada no convento de San Francisco de Betanzos, xunto a seu parente Gómez Pardo, enviando ademais 200 marabedís á institución relixiosa para tres trintanarios de misas, facendo herdeira universal a súa nai, María Fernández, e así o declaran os doutores do devandito mosteiro, Rodrigo de Bitre e Xoán Rodríguez, o monxe Frei Pedro de Astorga, o alfaiate Gonzalvo Santeiro, veciño de Betanzos, o barbeiro Rui Díaz, dándose finalmente validez e autenticidade ás ditas testemuñas.

A.- ACS, CF29, Tombo E, fols. 59 rº-60 rº.

3

1411, abril, 26. Betanzos

Lectura pública de María Fernández de Oza ante o notario Domingo Eanes, Xuíz na audiencia do arcedianato de Nendos, do codicilo da súa filla Sancha Núñez. Acompaña a prestación pública ante o alcalde da vila de Betanzos Alonso Fernández Sen Lavamos, en presenza do notario Marín Raimúndez que da fe (1411, abril, 30. Betanzos)

A.- ACS, CF29, Tombo E, fol. 60 rº.

4

1414, maio, 7. Betanzos

Acordo e avenencia entre Xoán López de Vilousaz, cóengo compostelán, e María Fernández de Bolaño, esposa de Lopo Núñez de Oza, o vello, no preito que mantiñan polos bens que pertenceran ó dito Lopo Núñez, Lopo Núñez, o novo, e Sáncha Martínez e seus fillos, dos cales ambos se reclamaban herdeiros, acordando que Juan López se quedase ca metade dos señoríos dos lugares de Callobre, Vilarmaior e San Pedro de Oza, e que María Fernández tivese a outra metade, así como as casas na Rúa Travesa da vila de Betanzos, na freguesía de Santa María, repartíndose ademais débedas e pagos.

A.- ACS, CF29, Tombo E, fols. 60 vº-61 rº.

5

1414, maio, 7. Betanzos

Carta na que o clérigo compostelán Xoán López de Vilousaz e María Fernández de Bolaño reclaman os bens que pertenceran a Lopo Núñez e ós seus fillos, Lopo Núñez o mozo e Sancha Núñez, para o cal o dito Xoán López propón dividir á metade os bens, terras e señoríos de Callobre, Vilarmaior e San Pedro de Oza, deixándolle ademais a María Fernández as casas que están na Rúa Travesa.

A.- ACS, CF 29, Tombo E, fols. 61 rº-61vº.